

Bloque 0.

Introducción.

- Discurso.

A exposición iniciase cun cadro xeral onde se poden visualizar as características xerais dos períodos tratados, facendo fincapé na cronoloxía dos bloques temáticos e das súas peculiaridades. Dentro deste bloque de introducción preséntase información sobre o método arqueolóxico e as súas ciencias auxiliares.


A **cronoloxía** é a columna vertebral da Historia, o paso do tempo histórico medímolo en unidades coñecidas como os anos e os seus múltiplos (séculos e milenios). O ano a partires do que establecemos o noso calendario é o 1, considerando para atrás anos antes de Cristo (a.C) e para adiante anos despois de Cristo (d.C.). Tamén podemos atopar cronoloxía coa expresión BP (*before present*) que alude a anos antes de 1950.

A **Prehistoria** desenvólvese toda en anos a.C., comezando hai dous millóns de anos; defínese como a etapa da Humanidade da que non temos documentos escritos, todo o que sabemos dela é por mor da Arqueoloxía. O longo da Prehistoria os humanos evolucionan ate adquiri-las súas características físicas actuais e a plenitude das súas capacidades mentais e sociais.

A **Etapa Histórica** é aquela da que posuímos documentos escritos que nos dan a coñece-los diferentes procesos e singularidades de cada época. En Galicia esta etapa comeza cos romanos, xa que a poboación nativa non coñecía a escritura, e chega ate nos. A exposición do Museo recolle restos da Época Romana, encadrados na Historia Antiga.



A **Etapa Protohistórica** é unha fase intermedia na que existen documentos escritos, pero non feitos polos propios pobos, senón por estranxeiros; en Galicia corresponde con parte do Mundo Castrexo, do que temos noticias escritas por gregos e romanos.

Os cinco Bloques nos que está dividida a exposición corresponden ás diferentes **épocas ou fases** nas que se divide a Prehistoria e Historia Antiga de Galicia:



O cadro xeral sinala a sucesión dos diferentes Bloques, así como a presenza de fenómenos culturais como o megalítico ou castrexo que se desenvolven dentro de varias épocas. E un erro común considerar o Megalitismo e o Castrexo como épocas ou culturas, son fenómenos culturais cunha serie de denominadores comúns que se dan ó longo varias épocas ou culturas; así o Megalitismo arrinca dunha fase media do Neolítico, para seguir presente no Calcolítico e esvaecerse dentro da Idade do Bronce, mentres co Castrexo funde as súas raíces no Bronce final, desenvólvese ó longo da Idade do Ferro, coexiste na Época Romana e vai desaparecendo na Época Xermánica.

A **evolución e perdurabilidade** está recollida nesta introducción en gráficos que amosan o uso de diferentes materias, e os diferentes modos de produción de alimentos. O principio os utensilios estaban maioritariamente elaborados en pedra, no Neolítico incorpórase a cerámica, e na Idade do Bronce aparecen os metais, pero séguense a utilizar utensilios de pedra. As actividades depredadoras (caza, pesca e recolleita), propias do Paleolítico, van a convivir a partires do Neolítico con actividades produtoras (gandería e agricultura). Así pois, a incorporación de novas técnicas e materiais non supón a desaparición ou desuso das anteriores, a adopción das novidades está ligada a procesos moi lentos.



- A Arqueoloxía e os seus métodos.


A **Arqueoloxía** non é unha época como algúns poden pensar, senón unha ciencia que estudia o pasado ó traveso dos restos materiais que deixaron as sociedades antigas. Unha vez abandonado un poboado ou unha tumba, co paso do tempo os seus restos son invadidos pola vexetación; as follas caídas e outros restos secos das plantas podrecen e vanse convertido en terra. Deste xeito a terra vai crecendo enriba deles e os vai ocultando e á súa vez preservando.

Pero, en contra do que pode parecer, a arqueoloxía non se ocupa exclusivamente dos muros e os cacharros, nin da procura de tesouros, céntrase no análise de cada vez máis datos que gardan a terra e os restos para interpreta-los modos de vida das sociedades pasadas e a súa relación co medio no que se desenrolaron. Así a destrución de xacementos arqueolóxicos, aínda que se teñan sacados os cacharros, supón a eliminación de parte do noso pasado; as escavacións feitas sen método científico destrúen gran cantidade de datos que non poden ser recuperados.

Para acadar os obxectivos a arqueoloxía sèrvese de diversas disciplinas científicas, a maioría provenientes das ciencias naturais, pero tamén emprega métodos físicos e matemáticos; así recórrese á paleontoloxía, paleobotánica, estratigrafía, métodos físicos de datación, estatística, etc.

A **Estratigrafía** é un dos seus piares, estudio das capas de terra, naceu ó carón da arqueoloxía prehistórica; observouse que na sucesión de varias capas de terra, cada capa e máis recente ca que ten debaixo, e tamén cas capas contiñan restos animais e humanos de fases distintas, ordenados de abaixo cara arriba, de máis vello a máis novo.


Co paso do tempo a estratigrafía contou coa incorporación de novos métodos de análise (tanto químicos como físicos) que lle permitiron achegarse ó xeito de formación do chan e como o home puido alterar este proceso.



A **Paleontoloxía** estuda a fauna fósil. As especies dunha determinada rexión cambian no percorrer do tempo como resposta ás oscilacións climáticas; os **cambios climáticos** producen cambios na vexetación e tamén na fauna, aparecen en escena novas especies e outras desaparecen, extingúense ou migran.

Ó longo do Paleolítico prodúcese grandes cambios climáticos, épocas glaciares onde o clima de Galicia foi semellante o actual dos países escandinavos, e épocas interglaciares cun clima máis cálido co actual. Así paisaxes de herbáceas, de clima frío, estarían poboadas por manadas de cabalos, bisontes e uros (bóvidos salvaxes), pero tamén por rinocerontes, como pon de manifesto a fauna recuperada na Cova da Valiña. As épocas máis frías estaban habitadas por mamuts, rinocerontes laudos e renos, mentres que nos bosques temperados pacían cervos e xabaris.

A **Palinoloxía**, estuda os grans de pole e mailas esporas. Atópanse na terra e noutros elementos e consérvanse durante moitos anos. Estudando o polen, dentro de cada capa de terra, podemos reconstruí-la flora dunha zona ó longo do tempo. Así podemos coñecer-las variacións climáticas acontecidas, pois a vexetación correspóndese cun clima determinado, e tamén os cambios co home puido introducir no territorio, como a aparición da agricultura e doutras plantas relacionadas cos cultivos e as queimas dos montes.



Paleontoloxía

Molar de rinoceronte (Cova da Valiña, Castroverde). Hai 32.000 anos habitaban en Galicia rinocerontes, animais que viven noutras condicións climáticas e noutras paisaxes. Extinguíronse en Galicia ó mudaren as condicións ambientais.



Coprólito

Coprólito de Hiena (Cova da Valiña, Castroverde). Os coprólitos son excrementos fósiles que nos informan sobre a presenza das correspondentes especies na zona, así como da duración da súa estada. Contéñen grans de pole que aportan datos climáticos.




Palinoloxía

Gran de pole de bidueiro visto ó microscopio. O estudo do pole gardado nas capas da terra permítenos coñecer-la evolución do clima e da paisaxe.

A **Tipoloxía** é un método moi empregado na arqueoloxía, enténdese como a clasificación e ordenación dos restos en base ás súas características morfolóxicas definidas en tipos. Así podemos ter unha serie de tipos de machados diferentes que marcan unha evolución das formas que ten connotacións cronolóxicas, pero tamén a existencia nunha mesma capa de terra de varios tipos identificativos ofrecen un compoñente cultural e cronolóxico.

A evolución das formas e da complexidade das mesmas e súa maior diversificación, ofrece unha seriación cultural e cronolóxica do conxunto.



Tipoloxía

A tipoloxía de machados de bronce establece uns tipos de artefactos semellantes, as súas variables morfolóxicas son indicativas de fases diferentes. Baseándose na evolución das formas: a máis antiga non ten asas, a seguinte ten unha, e a máis recente ten dúas.

■ **Materiais Expostos:**

Vitrina-01

Ciencia e Arqueoloxía

Contén restos faunísticos da Cova da Valiña (Castroverde) entre os que destacan os de rinoceronte, hiena, oso, bisonte/uro, cabalo. Datados hai uns 32.000 anos. Tamén se amosan restos de bidueiros fosilizados procedentes das turbeiras da Serra do Xistral cunha antigüidade de 5.000 anos.

■ **Conceptos relativos ás diferentes Unidades:**

Unid. 1

Infantil / 1º Ciclo de Primaria

- O paso do tempo (antes, despois).
- A duración da Prehistoria.
- Animais doutros climas e doutros tempos (mamut: clima frío; elefante: clima cálido).
- A humanidade co paso do tempo vai empregando novos materiais (pedra, cerámica, metal).

Unid. 2

2º Ciclo de Primaria

- A cuantificación do tempo (anos a.C. / d.C.).
- Diferencia entre Prehistoria e Historia. Duración relativa da Prehistoria e da Historia.
- Cambios climáticos que inducen cambios na flora e na fauna.
- Cambios e perduracións dos modos de vida na Prehistoria.
- A Arqueoloxía non busca tesouros, descifra o pasado.

Unid. 3

3º Ciclo de Primaria

- Escala cronolóxica e liñas do tempo.
- Conceptos de Prehistoria e Historia. Secuencia cronolóxico-cultural da Prehistoria.
- Reflexión sobre a antiga presenza de bisontes, hienas e rinocerontes en Galicia.
- A Arqueoloxía vólase doutras ciencias para avanzar no coñecemento.

Unid. 4

1º de ESO, Historia

- Concepto de Prehistoria, Historia e Protohistoria.
- Secuencia cronolóxica da Prehistoria
- Elementos innovadores ou distintivos de cada época.
- Climas e ambientes cambiantes ó longo do pasado.
- Formas diferentes das pezas, antigüidade diferente.

Unid. 5

2º Ciclo da ESO, Cultura Clásica

- Coetaneidade entre o Mundo Clásico e a Prehistoria de Galicia.
- A Protohistoria e as fontes clásicas.

Unid. 6

2º BAC, Historia

- Cronoloxía e periodización cultural. Concepto de cultura.
- Evolución de formas e incorporación de novas tecnoloxías.
- Perdurabilidade e innovación nas actividades de subsistencia.
- Elementos diferenciadores e indicadores cronolóxicos.
- Dinámica glacial e evolución bioclimática.
- A arqueoloxía e os seus métodos de estudio (estratigrafía, paleontoloxía, tipoloxía,...).

Unid. 7

2º BAC, Historia da Arte

- Contextualización das principais manifestacións artísticas da Prehistoria.
- Variabilidade nas formas de vida e variabilidade nas técnicas e motivos artísticos.

Unid. 8

BAC, Linguas Clásicas

- Relacións entre o Mundo Clásico e a Prehistoria de Galicia.
- Modelos culturais diferentes a partires da Idade do Bronce.
- Os escritores mediterráneos escriben de Galicia: A Protohistoria.

Unid. 9

1º BAC, Filosofía

- Diferenciación cultural: Concepto de época, cultura e fenómeno cultural.
- Variabilidade nas formas de vida, variabilidade no pensamento simbólico.
- O método científico, a Arqueoloxía como disciplina científica.